

PANORAMA

Xosé Ramos Rodríguez

Antón Costa Rico

Nova Escola Galega

jose.ramos.rodriguez@edu.xunta.es

anton.costa@usc.es

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 78-81

ACTUALIDADE DA POLÍTICA EDUCATIVA

- **Morre o Pacto pola Educación?**: A subcomisión (do Pacto Social pola Educación) do Congreso, que trataba de elaborar un pacto pola educación, parou. Non sabemos se o motivo esgrimido polo PSOE -falta de compromiso orzamentario do Goberno para chegar a un 5% do PIB, por debaixo aínda así dunha porcentaxe comparable á doutros países do entorno- é o verdadeiro detonante que fixo que tamén se retirasen o resto dos partidos, agás Ciudadanos e PP. A deriva que tiña esta subcomisión xa viña sendo preocupante: daba a impresión de que a súa existencia estaba evitando a mobilización contra a LOMCE, lei que se está consolidando. Ademais, a relixión estaba como punto a abordar no pacto cun texto que presumía que seguiría na educación. E tamén a posible ampliación dos concertos educativos, facendo obrigatorias as etapas de Infantil ao completo e o Bacharelato, facían que a Subcomisión estivese cargada de malos presaxios. Agardemos que unha nova maioría progresista aborde un pacto que garanta a centralidade do ensino público, laico, de calidade e compensador das desigualdades, entre elas a das linguas minorizadas. Entre tanto, a **Plataforma estatal pola escola pública** (sindicatos, CEAPA, MRP...) segue a demandar a derogación da LOMCE e o aumento da financiación pública.
- **Aprobouse na Comisión de Educación do Congreso unha proposición non de lei POR UNHA ESCOLA LAICA** promovida por 40 organizacións. Ínstase ao Goberno a garantir o imprescindible carácter laico da educación pública, deixando a relixión confesional fóra do sistema educativo oficial, é dicir, do currículo e do ámbito escolar; e a proceder, en consecuencia, á derogación do Concordato e posteriores Acordos co Vaticano, así como dos acordos subscritos con outras confesións relixiosas. Esta proposición supón un avance no proceso de conseguir unha escola laica e que os cidadáns tomen boa nota de quen non respecta a vontade popular.
- Está aberto o debate institucional sobre a oferta de titulacións e especializacións (e itinerarios) nos estudos de grao relacionados coa formación do profesorado e as ciencias da educación en Galicia, o que forma parte do novo mapa de titulacións universitarias.
- Está igualmente aberto o debate sobre o acceso á profesión docente, que propón a Conferencia de Decanos e Decanas das Facultades de Educación de toda España, como informou a actual secretaria da Conferencia e Decana na USC, Carmen Morante.

• Mantense a conflitividade en Vigo a causa do novo mapa escolar que quere impor a Consellería de Educación. A delimitación das novas catro áreas “non garante o acceso a prazas escolares de ensino público en igualdade de condicións, favorece desequilibrios nas ratios do alumnado nas aulas entre centros e fai perigar varios proxectos educativos en marcha” segundo FOANPAS, que lidera a protesta desde hai varios meses, co apoio sindical.

ARREDOR DA GALEGUIZACIÓN

• **Rosalía vive.** Ano que pasa e cobra máis forza a celebración escolar arredor de Rosalía de Castro. Un impulso colectivo e amoroso que procura vencer as novas xeracións con todo o que significa a Rosalía cívica, galega e loitadora pola dignidade das mulleres como parte da humanidade. Beizóns para quen iniciaron esta ruta.

• A RAG alertou o pasado día 21 de febreiro, Día internacional da lingua materna, sobre a situación de vulnerabilidade da lingua galega, a pesar dos seus 1,3 millóns de falantes habituais, debida directamente á falta de transmisión interxeracional e, xa que logo, á mingua no uso do galego por parte da xente máis nova, especialmente nos ámbitos urbanos e periurbanos. A alerta baseouse na información ofrecida por *Lingua e sociedade en Galicia. Resumo de resultados 1992–2016*, unha nova publicación da RAG. “Algo está fallando cando unha parte crecente dos galegos sente unha presión cada vez máis forte para abandonar o galego e adoptar o castelán”.

• A edición de libros en galego descendeu un 33,6% na última década, segundo datos publicados polo INE sobre produción editorial. Dos 1470 títulos de libros e folletos de 2006 pasouse aos 976 actuais. Case a me-

tade dos títulos enmárcanse nas categorías de literatura, historia e crítica literaria, sendo a metade destes títulos dirixidos ao público infantil e xuvenil; 217 títulos son libros de texto, 122 son publicacións oficiais e logo unha ampla diversidade de temas.

• **Novos Ataques.** Estamos afeitos a recibir ataques á nosa lingua, a pesar da situación de evidente desvantaxe na que está. Agora teremos unha nova retesía, esta vez procedente de fóra. Coa aplicación do artigo 155 en Cataluña parece que se levantan novas ofensivas: estase promovendo unha iniciativa lexislativa popular (ILP) para “protexer os dereitos dos hispanofalantes” en Cataluña, Euskadi e Galicia. Para nós, nada novo. Pero si é novo o momento, co partido que con máis vigor está apoiándoa (Ciudadanos) con altas expectativas electorais e unha esquerda española temerosa de que a defensa da plurinacionalidade do Estado e das súas linguas -sempre algo vergoñenta- lle supoña unha caída electoral. Pretenden que o castelán sexa lingua preferente tamén nas tres nacións, como se

non o fose de facto, e a cooficialidade unha formalidade continuamente incumprida en Galicia.

• **A prol da galeguización desde a Universidade de Vigo.** Vén de aprobar un amplo acordo coa Conif de Brasil, que agrupa 38 institutos federais (unha rede de máis dun millón de alumnos), para potenciar intercambios de alumnado e profesorado e proxectos de I+D.

8 DE MARZO: FENDA DE XÉNERO

O 8 de marzo de 2018 marcará un fito na loita das mulleres pola igualdade, a mobilización e a sensibilización social, de modo que se converta nunha reivindicación transversal a todos os partidos políticos. Ao caso, foron varios e sempre converxentes os Manifestos e Declaracións realizadas con ocasión da data, entre elas unha tamén de Nova Escola Galega. Nós queremos contribuír poñendo a atención nalgunha estatística do ensino de Galicia que, a pesar de ser un dos espazos de maior igualdade, ten datos como os que expoñemos a continuación:

<p>Taxas brutas de alumnado que se gradúa por nivel de ensinanza e sexo (2015).</p> <ul style="list-style-type: none"> • ESO. Homes, 74,8%; Mulleres, 87%. • Bacharelato. Homes, 51,2%; Mulleres, 69,4%. 	<p>Número de graduados en educación superior en ciencias, matemáticas e tecnoloxía por 1.000 habitantes da poboación de 20 a 29 anos por sexo.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Homes: 15,6 • Mulleres: 10,6 	<p>=> Fenda de especialidade por estereotipo de prestixio académico-profesional.</p>
<p>Ensinanza non universitaria. Profesorado en centros de titularidade pública segundo o sexo (2017).</p> <ul style="list-style-type: none"> • Homes: 8.288 • Mulleres: 19.948 	<p>Inspectores/as de educación en Galicia (2018).</p> <ul style="list-style-type: none"> • Homes: 49 • Mulleres: 29 	<p>=> Fenda de cargos.</p>
<p>Porcentaxe de estudantes titulados nas universidades galegas por sexo (2015 e 2016).</p> <ul style="list-style-type: none"> • Homes: 40% • Mulleres: 60% 	<p>Teses doutorais aprobadas nas universidades públicas por sexo e idade (2015).</p> <ul style="list-style-type: none"> • Homes: 431 • Mulleres: 389 	<p>=> Fenda nos estudos de posgrao.</p>
<p>Profesores de educación universitaria por categoría (2016).</p> <ul style="list-style-type: none"> • Titulares de Universidade • Mulleres: 41,2% 	<p>Profesores de educación universitaria por categoría (2016).</p> <ul style="list-style-type: none"> • Catedráticos de Universidade • Mulleres: 22,8% 	<p>=> Fenda de acceso a postos de maior prestixio.</p>

Elaboración propia (X. Ramos) a partir dos datos do Instituto Galego de Estatística (IGE).

INICIATIVAS E PROXECTOS

• IES Carlos Casares de Viana do Bolo vén traballando desde o curso 2001-02 na resolución dialogada de conflitos a través da constitución dun equipo de mediación escolar. Daquela constituíron grupos de traballo integrados por profesorado dos dous centros educativos -de primaria e secundaria- de Viana, onde nacera o noso recordado compañeiro Suso Jares, e abriéron paso á experiencia que denominaron “senda da convivencia”.

Recordan no centro que Xesús R. Jares é, sen ningunha dúbida, un dos máximos expoñentes da educación para a paz. Catedrático de Didáctica na Universidade da Coruña, presidente da Asociación Española de Investigación para a Paz, autor de numerosas publicacións, foi pioneiro nos movementos de renovación pedagóxica e fundou en 1983 o colectivo Educadores pola Paz dentro de Nova Escola Galega. Eles senten un profundo recoñecemento polo seu traballo e queren seguir co camiño que el comezou a transitar e inspirar.

Por iso dende este centro en colaboración con institucións, como o colombiano Centro

Cultural y Educativo Español (CCEE) Reyes Católicos, a Universidade Católica de Colombia, a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID), na súa sede de Cartaxena de Indias (Colombia), a UNESCO e a Fundación Área Andina danlle unha dimensión internacional a esta forma de traballar pola convivencia coa creación da **Escola de Mediación Xesús R. Jares**. Nos tres anos de vida do grupo, docentes deste centro e da rede xa impartiron relatorios e cursos de formación en Colombia, México, Ecuador e Costa Rica.

Nesa mesma liña, todos os anos segue a celebrarse (ademais das Xornadas da Paz galaico-portuguesas) unha iniciativa fermosa e complexa, como son os Encontros de Centros para unha Convivencia Positiva, que reúne varias escolas e institutos de toda Galicia para intercambiar experiencias de boa convivencia. O curso pasado tiveron lugar precisamente no IES Carlos Casares de Viana e este curso celebráranse no IES Fontexería de Muros a finais do mes de abril. Fermosas iniciativas que de seguro encherían de satisfacción a Suso.

• **Ponte nas Ondas** promove a súa Candidatura á Lista das mellores prácticas co patrimonio cultural inmaterial da UNESCO, cunha constante actuación desde 1995 en relación co patrimonio inmaterial galego-portugués. Estamos con eles.

• O IES de Salvaterra e o CEP Carlos Casares de Salvaterra de Miño participan, como únicos centros do Estado, na creación dunha guía europea para o profesorado dos territorios nos que se dan realidades plurilingües (guía do perfil do docente plurilingüe, con certificación de competencias, con atención á promoción das linguas propias, formando parte do programas Erasmus+K2.)

RECURSOS, MATERIAIS E PUBLICACIÓNS

Unha breve anotación das seguintes referencias:

• Milleiro Sánchez, Moreira Do campo (2017): *Memorias de sal e terra. O ensino no concello de Marín (1867-1940)*. Pontevedra: Deputación Provincial.

• Estarque Vila, J. (2016): *50 años del Conservatorio de Vigo*. Pontevedra: Deputación Provincial.

• Pardo de Neyra (2017): *Didáctica da lingua e da literatura galegas*. A Estrada: ed. Fervenza (materiais de aula desde o cinema galego).

• Do Pico Orjais et alii (2017): *O legado sonoro de Jacinta Landa Vaz. Galiza, Portugal e Extremadura*. Santiago: A central folque (libro-disco).

• Rodríguez, Anaír (2018). *Pioneiras*. Vigo: Xerais.


• Pombo Sánchez (2017): *La derrota de la razón*. Barcelona: Xoroi (a figura do educador Korczak, desde Compostela).

• Gómez Vázquez, Mosteiro García (2017): *Identidades de género, trabajo, conocimiento y educación: desafíos y retos en el contexto internacional*. Santiago: Editora da Universidade de Santiago.

• Montero Mesa, Gewerc Barujel (2017): *Una historia, cuatro historias. Acompañar proyectos de innovación educativa con las TIC*. Barcelona: Graó.

ENCONTROS E XORNADAS

• No inicio de abril celebráronse as II Jornadas de formación da Escola Semente de Lugo, coa temática dos retos da educación galega neste século XXI e a presenza de técnicos da educación de Euskadi e de Cataluña, ademais dos e das galegas.




- Tamén en Ourense se realizou o encontro “A educación dende o compromiso co territorio” achegándose ás seguintes experiencias de desenvolvemento rural: Lodoselo, Vilardevós, As Pontes e Cervantes, entre outras.

- Alén de Galicia, celebráronse a fins do pasado xaneiro os XXX Encontros dos MRP de todo o Estado: tiveron lugar en El Prat de Llobregat coa temática “Hacia un mundo más justo: aulas que respetan y abrazan”. O IV Congreso estatal dos MRP tivera lugar en Segovia en 2014, ao que seguiron os Encontros anuais de 2016 e 2017, celebrados en Alicante e en Cuenca.

UN NOME PARA RECORDAR

O de Carlos García Martínez, o director e ademais fundamental impulsor do Museo do Pobo Galego, a institución nosa que leva recibido nas súas salas numerosísimos grupos de escolares de toda Galicia, e desde a que se veñen trasladando imaxes e representacións didácticas sobre a nosa cultura tradicional, piar do noso presente.



Entrega de premios dos Educacompostela. Fonte: La Voz de Galicia.

PREMIOS EDUCACOMPOSTELA

Na X edición dos *Premios Educacompostela* convocados por Nova Escola Galega e o Concello de Santiago, os galardóns recaeron nas seguintes propostas:

- **CuntiStar**, do CPI Aurelio Marcelino Rey García, de Cuntis (Pontevedra), galardoado co primeiro premio. O xurado valorou a temática que trata e a diversidade de recursos educativos que propón, e pareceulle especialmente relevante a xustificación que amosa o proxecto e o grao de implicación do alumnado no seu desenvolvemento, así coma o seu impacto na comunidade educativa. Cómpre destacar igualmente a atención prestada á fenda de xénero no contexto dixital e as respostas que ofrece o material para promover o uso e difusión da lingua galega a través dos videoxogos, a robótica e os medios audiovisuais.

- **Proxecto internivel e interetapa de Mitoloxía dende a biblioteca**, que levou o segundo premio; pertence a Xosé Cabido Pérez, do IES Fontexería de Muros (A Coruña); a Maiuca Cortón Tesouro, do CEIP Felipe de Castro de Noia e a Alicia Nimo Liboreiro, do Pepe de

Xan Baña de Santa Comba. Destaca por empregar a biblioteca escolar como núcleo vertebrador da revalorización e da difusión da cultura clásica, e por quen de aplicar as novas tecnoloxías para crear coñecementos e aprendizaxes, ademais de como vía de cooperación e colaboración entre centros.

- **Auga doce**, do CEIP de Barouta, de Ames (A Coruña), acadou o terceiro premio. Esta proposta permite o coñecemento e a interacción co medio a partir dunha contextualización para o alumnado e a comunidade educativa; en definitiva, promove a implicación e o sentido de pertenza na comunidade educativa.

Mencións especiais: O xurado quixo distinguir tamén dous traballos cunha mención especial. Un deles é **Longa ollada pola Ruta Translatio**, do IES Plurilingüe A Cachada de Boiro (A Coruña), que ten unha acertada liña de traballo para revalorizar a identidade cultural empregando as tecnoloxías do coñecemento; e o traballo de Silvia López Gómez, denominado **Pirillán**, pola súa orixinalidade e o seu valor para educar en afectos e emocións. ■